

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERENTE AO APOIO E PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sen dúbida o gran problema que ten a mocidade actualmente é o desemprego e a precariedade nos traballos que atopa. A recente época de crise aínda agravou máis esta situación, colocando aos mozos nunha situación permanente de dependencia na que se atopa, co que a falta de recursos mingua as súas posibilidades de acceso a formación, e espazo para desenvolver proxectos ou lecer.

Se collemos as cifras de desemprego dos últimos anos en todo o Estado e especialmente en Galicia, vemos como a mocidade sempre sofre peores condicións laborais que o conxunto da xente traballadora. Os menores de 30 anos sofren dunha maneira maior o desemprego, os contratos parciais e temporais, salarios moito máis baixos, etc. Isto inevitablemente provoca que, en moitos casos, sexa imposible acceder a unha vivenda, pagarse os estudos e en definitiva, ter unhas condicións que permitan vivir con dignidade.

Unha persoa nova sen ingresos está excluída por definición, sen recursos económicos tampouco teñen acceso a actividades deportivas, culturais ou de formación que lle aporten ferramentas de crecemento profesional e calidade de vida.

De aí vén motivada esta moción, pois o noso obxectivo principal é sacar o máximo partido das potencialidades colectivas e individuais da nosa mocidade como axentes activos na satisfacción das súas propias necesidades: laborais, culturais, sociais e de complementos formativos, en definitiva, ferramenta básicas de desenvolvemento persoal.

A constitución española establece no seu artigo 48 como un principio regulador da política social e económica do noso país, a “promoción das condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural”, principio que tal e como establece o artigo 53.3 da mesma norma, informará a actuación dos poderes públicos.

Neste senso, o regulamento municipal de participación cidadá do Concello de Carballo, establece no seu artigo 39 a competencia do Pleno do Concello de Carballo para acordar o establecemento de consellos sectoriais para cada unha das áreas de actividade municipal, sendo que a constitución dun consello sectorial de mocidade pode constituirse como elemento básico de formento da participación da mocidade do noso concello así como un inicio de políticas específicas participativas dende a escoita e a pluralidade participativa.

Pode ademais configurarse como un elemento de xestión participada no ámbito da prevención da violencia de xénero dende o formento de políticas de mocidade baseadas nas relacións respetuosas e igualitarias, dando participación á nosa mocidade no deseño de políticas municipais para o futuro.

A finalidade última da nosa proposta é que ningún proxecto ou idea da mocidade quede sen escoita, cobertura e resposta desde o Concello. Conectar á mocidade entre ela mesma e cos recursos e co público e fomentar a participación na sociedade e no deseño de políticas participadas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno de Carballo a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1.- Iniciar os trámites para a creación dun Consello sectorial de Mocidade que favoreza a participación da mocidade no deseño das políticas municipais
- 2- Diseñar unha estratexia transversal coas diferentes áreas co fin de para desenvolver un programa participativo de fomento do asociacionismo xuvenil.



3- Recuperar a memoria histórica da nosa vila, coa mocidade como protagonista na investigación e recuperación da identidade. Elaborar un plan de estudo para recuperar as historias do noso pobo, fomentar e redescubrir o patrimonio cultural de Carballo. Implicar aos nosos mozos e mozas para dinamizar a difusión da historia e a memoria local de forma rigorosa, crítica, lúdica e utilizando as novas linguaxes tecnolóxicas. Fomentando a interrelación con outras xeracións.

Carballo a 14 de Agosto de 2019.
María Carmen Vila Branco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL